



# PROXECTO EDUCATIVO





## PROXECTO EDUCATIVO

### ÍNDICE:

#### I. ANÁLISE DO CONTEXTO

##### a. ASPECTOS XEOGRÁFICOS E SOCIECONÓMICOS

#### II. TIPOLOXÍA E ESTRUCTURA DO CENTRO

#### III. SINAIS DE IDENTIDADE

#### IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

#### V. ÓRGANOS DE GOBERNO

##### a. Colexiados.

##### b. Unipersoais.

#### VI. ÓRGANOS DE COODINACIÓN DOCENTE

##### a. Comisión de coordinación pedagóxica.

##### b. Equipos de ciclo.

##### c. Equipos de Dinamización:

###### i. Normalización e dinamización lingüística.

###### ii. Biblioteca.

###### iii. Convivencia.

###### iv. Tecnoloxías de información e da comunicación

##### d. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

##### e. Orientación



## I. ANÁLISE DO CONTEXTO.

### a. ASPECTOS XEOGRÁFICOS E SOCIECONÓMICOS DO CONCELLO.

#### a) Situación

Situado na parte norte da provincia de A Coruña, está a medio camiño entre Ferrol e Estaca de Bares. Tódas as súas terras son interiores.

Limita:

Ao norte con Cedeira.

Ao sur con Somozas e Moeche.

Ao oeste con Valdoviño.

Ao leste con Ortigueira.

#### b) Datos xeográficos

O relevo é lixeiramente ondulado, con frondosos vales que surcan varios regatos.

A maior parte do territorio corresponde a unha superficie de erosión cunha altitude moderada de 200 m. Sobre ela aparecen elementos residuais de superficies anteriores ao nivel dos 300 m. aproximadamente, como por exemplo o macizo de Felgosas.

Os diversos cursos fluviais encaixáronse sobre ditas superficies debido ao cambio de nivel de base, producido probablemente polo levantamento posterior da costa que se viu favorecido por razóns de tipo xeolitolóxico.

Na maior parte do municipio obsérvase unha suave inclinación Este - Oeste, que é aproveitada polos principais ríos (Río das Mestas, Rioforcado e Barbelas) que se unen para deixar as augas na Ría de Cedeira, formando un esteiro. No extremo oriental sitúase o Río Mera, que tamén discorre encaixado e constituíndo o límite natural co municipio de Ortigueira, desembocando na súa ría.

Destacan como principais elevacións: Francoi (408 m), Coto da Forca (356 m), Texón (326 m) e o propio Alto dos Carrís (312m). (Ver o gráfico)

As tres parroquias que o forman son : Cerdido, A Barqueira e Os Casás. Os núcleos máis importantes son Vila da Igrexa na parroquia de Cerdido e A Barqueira formada por Felgosas e Porto. Felgosas é a capitalidade do Municipio. Existen moitas pequenas aldeas diseminadas por todo o Concello.



Cerdido encóntrase na Comarca do Ortegal, aínda que funcionalmente conecta máis con Cedeira, especialmente no sector de servizos: turístico, educativo e de transporte marítimo de madeira cara ao exterior.

O clima é oceánico húmido, cunhas temperaturas medias anuais suaves que oscilan entre os 12 °C e 14 °C, sendo de 5 °C a 8 °C a temperatura media de xaneiro e de 17 °C a 21 °C a de agosto. As precipitacións anuais son elevadas, oscilando entre os 1.400 mm. e os 2.000 mm., rexistrándose o máximo principal a finais de outono ou comezos de inverno.

### c) Extensión e poboación

O termo municipal abarca 52,94 km<sup>2</sup> cunha poboación de 1.432 habitantes, que representa unha baixa densidade, 28 hab/Km<sup>2</sup> que dos que só uns 75 se atopan en idade de escolaridade obrigatoria (menores de 16 anos). E por tanto unha poboación moi avellentada; a media de idade é de 55 anos. Estes datos pódense observar no seguinte gráfico tomado da web do concello de Cerdido.



### d) Vías de comunicación

- Polo lugar de Felgosas cruza a comarcal 642 de Ferrol a Ribadeo.
- A LC-103 (De Felgosas a Espiñaredo), une Felgosas con As Pontes, cruzando as parroquias de A Barqueira e Os Casás.



- De Felgosas tamén parte a LC-104 que pasando por Cerdido (Vila da Igrexa) leva a Cedeira, con desvío no lugar do Carballeiro cara a Valdoviño.
- A LC-102 une Campo do Hospital e Cedeira.
- O ferrocarril de Ferrol a Gijón (Fevé) ten a estación de Cerdido no límite con Moeche, con apeadeiro na Cuqueira, parroquia de A Barqueira.
- Servicio regular diario a Ferrol, Coruña, Santiago, Viveiro e Ribadeo (autobús)

### e) Economía

A principal riqueza é a forestal, á que segue a gandeira e a agrícola.

Durante a primeira metade do século, tiña grande importancia a produción de leña, especialmente de toxo para o lume nas casas. Exportábase en grandes cantidades a Ferrol e á Coruña .

Actualmente fíxose a repoboación con pinos e sobre todo con eucaliptos destinados principalmente á industria. Nun pasado recente exportouse, polo porto de Ferrol, astilla de eucalipto elaborada nunha industria de A Barqueira. Hai que destacar o formidable aumento do número de hectáreas ocupadas polo bosque nos últimos anos, hoxe a superficie forestal supón o 78,18% do terreo útil do municipio -que substituíron ás grandes extensións ocupadas polo toxo. É moi importante a labor desenvolvida na prevención de incendios forestais no que Cerdido foi pioneiro.

A forte especialización forestal do municipio apreciase na dependencia que o reducido sector secundario ten da madeira. As empresas existentes céntranse na tala e primeira elaboración deste produto, ocupándose niso o 21,35% da poboación activa, mentras a construción (12,14%) e os servizos (17,36%) van a remolque e desenvólvense a expensas do verdadeiro motor económico: a explotación forestal.

Na parroquia de A Barqueira levouse a cabo unha importante transformación do monte en praderías para vacún. Na cabana gandeira apréciase unha redución significativa no número de cabezas, tanto de vacún como de porcino (entre 1.982 e 1.990 reduciuse en 298 cabezas o vacún e en 450 o número de porcos), debido ás condicións menos propicias que presentaba o municipio e á crecente especialización forestal. A pesar diso, nos últimos anos proxectáronse labores de concentración parcelaria e de mecanización e apareceron explotacións e cooperativas adicadas á produción de leite e carne.

Na parroquia de A Barqueira permanecen abandonadas unhas minas de cobre que



estaban en explotación a principios do século pasado.

Na industria destaca a relacionada coa transformación da madeira e unha explotación agrícola de arándanos, Horticina, que supón o 60% da produción do norte do país.

### **f) Historia**

Época castrexa: Castro de Cerdido onde en 1840 apareceu un torque de ouro (en paradoiro descoñecido). Outro castro estaba situado na parroquia de A Barqueira.

Época sueva (s.VI): todas as terras do concello pertencen ó condado de Labacengos, diócese de Iria Flavia.

Idade Media (1152): primeiro topónimo de "Cezido" derivado de "quercus" (carballeira). Estes territorios estaban baixo a xurisdicción da Casa dos Andrade e eran administrados polos marqueses de San Sadurniño. Tamén tiña xurisdicción o mosteiro de Xubia.

Século XVII: Pertencía ó marqués de San Sadurniño e gobernaba no seu nome un xuíz co título de vizconde de Cerdido.

Século XIX: Só había as parroquias de Casás e Cerdido. En 1869 constitúese a da Barqueira ou Abarqueira. O nome recíbeo dun mesón situado no camiño de Ferrol a Ribadeo xa que, por motivos de "eufonía", decidíuse non chamala Malados, nome do lugar. (No libro 1º de Bautizados de Cerdido, ano 1567, menciónase un lugar denominado "Abarqueira" que pertence ó coto de Malados ).

A Casa Consistorial, e polo tanto a capitalidade municipal, situouse nun primeiro momento na Vila da Igrexa (Cerdido) nun edificio anexo á Igrexa parroquial, pero nos anos cincuenta, coincidindo coas obras de reparación do templo, cambiouse para a parroquia de A Barqueira, máis concretamente para o lugar de Seoane e despois para a Cruz Encarnada, ata que no ano 1973 se construiu en Felgosas a Casa Consistorial definitiva.

### Visitas recomendadas.

Igrexa de Cerdido.

Area recreativa do Castro de Cerdido

Fraga dos Casás, refuxio de pesca e marxes do río Mera.

Feira de A Barqueira e entorno de casas decimonónicas

Industrias:

- Carpinterías.
- Granxas de vacún
- Explotación agrícola Horticina.



Observación de transformacións ambientais: repoboacións forestais, construción de estradas, etc.

Coto da Forca, mirador e estación do Centro reemisor de TV.

Central hidroeléctrica de Pombeiro, no río Barbelas, en Pombeiro.

Muíños de auga, algúns en funcionamento: no Covelo, o das Mestas, o das Barbelas, o de Rioforcado, o de Regueirolongo, o do Carballeiro e dous en Chao.

A nivel artístico pode destacarse a Igrexa da parroquia de Cerdido, adicada a San Martiño, resaltando as súas portas de estilo gótico (S. XVI), os retábulos barrocos do século XVII e a torre do mesmo estilo que coroa a fachada. No seu muro pódese apreciar o escudo de armas dos marqueses de San Sadurniño e un xabaril que fai referencia ó totémico animal que representa a Casa dos Andrade.

É de destacar o "Castro" de Cerdido, duns 5.000 anos de antigüidade. No seu interior está enclavada unha área recreativa de recente creación, con parque infantil, pista polideportiva, centro cultural, piscina, etc.

Na Vila da Igrexa (Cerdido) tamén se atopa unha antiga casa solariega, chamada O Pazo, reconstruída e adicada actualmente á hostelería.

Na parroquia de A Barqueira, lugar de Felgosas, existen actualmente un Polideportivo Municipal cuberto, un campo de fútbol tamén municipal, ademais doutros servizos. Nesta parroquia, no lugar de Porto, hai que destacar a Igrexa de San Antonio, de principios do século XX.

O concello de Cerdido constitúe para os amantes da caza e da pesca un lugar privilexiado, polos seus ríos nos que se practica a pesca da troita e os seus cotos de caza, onde se poden capturar perdices, xabaríns e corzos.

As celebracións tradicionais máis importantes son as festas patronais, entre as que destacan a de San Antonio de A Barqueira (13 de xuño), a de San Martiño de Cerdido (1 de xullo) e a de San Xoán dos Casás (24 de xuño). Tamén é de gran tradición a romaría de Santa Lucía na parroquia dos Casás (13 de decembro).

### **g) Entorno próximo ao municipio**

Cedeira: entorno mariño con porto pesqueiro, fábrica de xeo, ría e praia.



Castelo da Concepción.

Entorno da Capelada e San Andrés de Teixido coa zona de cantís.

Parque eólico.

Cariño: tamén entorno mariño con conserveiras.

Zona de Cabo Ortegal.

Ortigueira: entorno mariño, ría con marismas, praia e río Mera.

Fábricas e canteiras de Pizarras Campo.

Diversos servicios administrativos: Facenda, Xulgados, etc.

Moeche: Centro de influencia histórica, castelo.

Val de San Xurxo, formado polo río Xubia.

Feira comarcal.

Valdoviño: lagoa da Frouxeira, con praia de mar aberto.

Granxa mariña de Meirás.

As Pontes: mina a ceo aberto nunha depresión.

Río Eume con embalses e central hidroeléctrica.

Central térmica.

Aula da Natureza do Cabalar.

Somozas: entorno recreativo con piscina e aula na Natureza "A Queiroga".

Planta de residuos tóxicos.

Industrias eólicas e de recilaxe.

San Sadurniño: gandeiro e industrial (fábrica de tableiros).

Contaminación do río Xubia.

Ferrol: entorno urbano (comercial, militar, industrial...).

## **h) Situación socioeconómica**

### Infraestructura social no municipio.

Casa do Concello

Centro de Saúde (persoal médico e de enfermería)

Farmacia

Cooperativa do Campo de A Barqueira: elaboración de pensos, recollida de leite, comercialización de produtos agrícolas, etc.

Casa da Cultura con biblioteca (aínda que non funciona) e salas válidas para proxeccións, exposicións, salón de actos, celebración de xogos tipo xadrez, etc.





Polideportivo cuberto.

Area recreativa "O Castro" : polideportiva, piscina, barbacoas,sala de exposicións.

### Comunicacións.

A parte das vías de comunicación xa detalladas anteriormente, todos os pequenos núcleos rurais teñen pistas locais ou forestais.

Carécese de transporte público dentro do municipio.

Cara fóra son escasos:

- Feve (Ferrol-Gijón)
- Autobús Ortigueira - Ferrol
- Autobús Ferrol - Viveiro.

A dispersión demográfica fai que a maioría do alumnado non manteña relacións extraescolares, dándose o caso de que nalgún lugar só viven os dunha familia.

O colexio é o Centro de reunión e convivencia principal de todos os nenos, tendo en conta a utilización maioritaria do comedor.

Os problemas de comunicación e dispersión poboacional fan que a organización de servicios educativos e actividades extraescolares teñan serias dificultades, o que leva a diferencias con nenos de núcleos urbanos.

### Vivenda

A vivenda adoita ser de tipo unifamiliar e illada, con moitos grupos de 4 ou 5 casas.

A antiga está reformada da seguinte maneira:

- Ata hai uns anos con ladrillo e bloque.
- Na actualidade, como hai subvencións da Xunta, refórmanse de acordo a estrutura e material de que estaban feitas.

Arredor da vivenda é frecuente a existencia de cabanóns, hórreos, eiras, cortes para o gando, e algunha leira de traballo.

En moitos casos na vivenda conviven fillos, pais e avós.



## Sectores de traballo

<b>Poboación (Padrón)</b>				<b>Indicadores demográficos</b>					
Período	Fonte	Total	Homes	Mulleres	Dato	Período	Fonte		
Poboación total	1.359	663	696	2009	Taxa bruta de natalidade (o/oo)	3,1	2007 IGE		
INE					Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	16	2007 IGE		
de 0 a 15 anos	97	55	42	2008	Índice de envellecemento	345,7	2008 IGE		
INE					Idade media á maternidade	36	2007 IGE		
de 16 a 64 anos		810	417	393	Número medio de fillos por muller	0,63	2007 IGE		
2008	INE				Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	2,1	2007 IGE		
de 65 e máis anos		477	205	272	Idade media ó primeiro matrimonio				
2008	INE				Homes	28,2	2007 IGE		
Poboación estranxeira		23	12	11	Mulleres	27,5	2007 IGE		
2008	INE				Período				
Idade media	52,3	50,3	54,3	2008	Fonte				
IGE									
<b>Movemento natural da poboación</b>				<b>Censo de vivendas 2001</b>					
Homes	Mulleres	Período	Fonte	Dato					
Nacementos	5	3	2	Período					
IGE-INE				Fonte					
Defuncións	23	12	11	Vivendas familiares					
IGE-INE				2001					
Matrimonios	3			INE					
IGE-INE				principais					
Saldo vexetativo	-18			539					
IGE-INE				2001					
<b>Movementsos migratorios</b>				Emigracións					
Inmigracións	Período	Fonte	INE						
Á mesma provincia	33	17	2008						
INE			2008						
A outra provincia	2	0	INE						
A outra comunidade	1	3	2008						
INE			2008						
Estranxeiro	1	10	INE						
<b>Paro rexistrado (2)</b>				<b>Actividade (Censo 2001)</b>					
Período	Fonte	Total	Homes	Mulleres	Total				
Por idade					Homes				
menores de 25 anos	4	1	3	Período					
2008	CT			Fonte					
outras idades	45	20	26	Taxa de actividade					
				39					
				52,3					
				26,6					
				2001					
				INE					
				Taxa de paro					
				8,4					
				5,3					
				14,1					
				2001					
				INE					
Por sectores de actividade				Ocupados por sectores					
Agricultura	6		2008	CT	Agricultura	146	90	56	2001
Industria	4		2008	CT	INE				
Construción	4		2008	CT	Pesca	3	1	2	2001
Servizos	27		2008	CT	INE				
Sen emprego anterior	8				Industria	110	84	26	2001
2008	CT				INE				
<b>Eleccións</b>				Dato					
Fonte				Período					
Censo electoral		1.207	2009	CP	Taxa de paro				
					INE	92	87	5	2001
					INE				
					Servizos	159	78	81	2001
					INE				

<b>Agricultura</b>	Dato	Período	Fonte		<b>Empresas (4)</b>	Dato	Período	Fonte		
Número de explotacións de gando bovino	113	2008			Empresas por condición xurídica					
IGE-CMR					Persoas físicas	52	2007	IGE		
Total bovinos	814	2008	IGE-CMR		Sociedades anónimas	1	2007	IGE		
					Sociedades de responsabilidade limitada	11	2007	IGE		
<b>Administración pública</b>	Dato	Período	Fonte		IGE					
Ingresos municipais	963.158	2007	MH		Cooperativas	2	2007	IGE		
Impostos directos	109.971	2007	MH		Outras	9	2007	IGE		
Impostos indirectos	7.067	2007	MH		Empresas por actividade					
Taxas e outros	58.696	2007	MH		Industria					
Rendemento medio do IRPF	11.174	2007			Construción					
AEAT					Servizos					
					Período	8	15	52	2007	IGE
					Fonte					
<b>Construción (3)</b>	Dato	Período	Fonte							
Número de vivendas a crear de nova planta	3	2007			Empresas por estrato de asalariados					
IGE-MF					De 0 a 249 asalariados	75	2007	IGE		
Variación neta do parque de vivendas	3	2007			De 0 a 9 asalariados	73	2007	IGE		
IGE-MF					Sen asalariados	59	2007	IGE		
Número de edificios a crear de nova planta	3	2007			De 1 a 9 asalariados	14	2007	IGE		
IGE-MF					De 10 a 49 asalariados	2	2007	IGE		
					De 50 a 249 asalariados	0	2007	IGE		
<b>Comercio polo miúdo</b>	Dato	Período	Fonte		250 e máis asalariados	0	2007	IGE		
Número de establecementos comerciais	8	2002			Número de unidades locais	87	2007	IGE		
IGE										
Superficie de venda media m <sup>2</sup>	74,39	2002	IGE							
<b>Indicador municipal da renda dos fogares (1)</b>	Dato									
Período	Fonte									
Renda dispoñible bruta (euros por habitante)										
7.334	2002	IGE								

### Cultura e formación dos pais

Existe unha grande diversidade cultural e de formación entre as familias, a meirande parte dispón do graduado escolar ou de ciclos formativos, unha pequena parte conta con estudos medios ou superiores.

Este índice tende a mellorar xa que na actualidade a maioría do alumnado, ao rematar a ESO, continúa cos estudos de Bacharelato e Ciclos Formativos, chegando aos estudos superiores unha porcentaxe bastante significativa.



## II. TIPOLOXÍA E ESTRUCTURA DO CENTRO.

### a) Ficha de datos.

**Centro:** CEIP da Barqueira - Cerdido

**Titularidade:** Pública

**Localidade:** A Barqueira

**Concello:** Cerdido

**Código postal:** 15569

**Código de identificación fiscal:** Q6555013I

**Teléfono/fax:** 981411038

**Enderezo electrónico:** [ceip.barqueira@edu.xunta.es](mailto:ceip.barqueira@edu.xunta.es)

**Páxina web:** <http://centros.edu.xunta.es/ceipdabarqueira/>

**Código Centro:** 15003534

**Oferta educativa:** Educación especial, Educación Infantil e Educación Primaria.

Instituto de Ensinanza Secundaria ao que está adscrito o noso centro: IES Punta Candieira (Cedeira).

#### **Unidades:**

Educación Infantil: 1

Educación Primaria: 2 permanentes e 2 provisionais

Total: 5

#### **Profesorado (2022/2023):**

Educación Infantil: 1

Lingua inglesa: 1

Educación Musical: 1

Educación Física: 1

Educación Primaria: 2

Audición e Linguaxe: 1 (centro base no CEIP San Ramón, Moeche)

Relixión Católica: 1 (itinerante)

Orientación: 1 (centro base no CEIP Manuel Fraga Iribarne, Cariño)

Total: 9



## b) Estrutura do centro.

O centro está situado na estrada comarcal 642, a 32 Kms de Ferrol e 19 de Ortigueira.

Consta de dúas plantas repartidas do seguinte xeito:

- Planta baixa, na que se atopan as dependencias seguintes:
  - Cociña, comedor e despensa.
  - Aula de educación infantil.
  - Aula de 1º curso.
  - Aula de 2º curso.
  - Aula de Biblioteca Creativa.
  - Aula de música.
  - Servizos.
  - Patio cuberto, con servizos e almacén de material.
  - Casa do conserxe.
- Primeira planta, nela encóntranse as seguintes dependencias:
  - Dirección, á que están unidas a aula de mestras e a sala de na que se atopa almacenado parte do material didáctico.
  - Aula de Radio na Biblio (onde tamén está a fotocopiadora).
  - Aula de 3º e 4º curso.
  - Aula de 5º e 6º curso.
  - Aula de Relixión.
  - Biblioteca.
  - Sala de audiovisuais e robótica da biblioteca.
  - Servizos de alumando.
  - Servizo de profesorado.
  - Escaleira que comunica co faiado no que se almacena mobiliario escolar.
- Recinto escolar. Nos terreos que rodean ó edificio escolar atópanse:
  - Un campo de baloncesto.
  - Un campo de minibasket.
  - Un campo de fútbol infantil.
  - Parque infantil con diversos xogos.
  - Anexos ao recinto escolar están un polideportivo cuberto e un campo de fútbol municipais a disposición do Colexio. O polideportivo é utilizado polo Centro para impartir as clases de Educación Física.



### c) Dotación de medios.

En xeral o centro está ben dotado de material didáctico, medios audiovisuais, informáticos e mobiliario.

Conta con aula de informática con rede WI-FI. e conexión Edixgal (para a aula de 5º e 6º de EP).

Todas as aulas contan tamén cun ordenador con coñexión a internet, todo o alumnado de 5º e 6º EP conta co seu ordenador Edixgal.

Na biblioteca hai varios ordenadores, 1 na zona de lectura e 6 na de consulta. Ademais do conectado á pizarra dixital nesta última sala. Cómpre destacar que contamos cun Ipad e un ordenador Mac, así como micrófono e altavoces para a gravación de vídeo-documentais. A nosa biblioteca está integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e rede Koha. Asemade, participa nos programas de Biblioteca CReativa, Radio na Biblio e Club de Lectura.

En todas as aulas hai unha pizarra dixital.

### d) Oferta educativa e xornada escolar.

Educación infantil: 1 unidade na que están escolarizados os tres niveis do segundo ciclo de infantil.

Educación primaria: 4 unidades, dúas delas permanentes e dúas provisionais. Actualmente son dúas aulas puras, de 1º e 2º de EP e dúas mixtas, con 3º e 4º unha e 5º e 6º a outra.

A **xornada escola** terá a seguinte distribución:

Entrada .....10:00 horas  
Saída .....15:00 horas  
Entrada ao comedor ..... 15:00 horas  
Saída do comedor escolar.....15:45 horas  
Saída do transporte escolar...16:30 horas

### e) Persoal.

**Persoal docente** (2022/2023).

De acordo coa publicación nº 148 no Diario Oficial de Galicia (DOG 3 de agosto de 2012) os postos por especialidades son:



Educación Infantil: 1

Lingua Inglesa: 1

Educación Musical: 1

Educación Física: 1

Ademais contamos con:

2 especialistas en Educación Primaria.

Orientadora compartida co CEIP Manuel Fraga Iribarne (Cariño).

Mestra de AL compartida co CEIP San Ramón (Moeche).

Mestra de Relixión compartida co CEIP Francisco López Estrada (Mañón) e  
co CEIP Nicolás del Río (Cedeira)

TOTAL PERSOAL DOCENTE: 9

### **Persoal non docente.**

Persoal de limpeza: contratado polo concello de Cerdido.

Persoal de comedor:

Persoal de cociña: un cociñeiro.

Persoal colaborador: 4 mestras e 2 nais.

### **Alumnado (2022/2023).**

Na actualidade o centro conta cunha matrícula de 48 alumno/as: 13 de educación infantil e 35 de educación primaria.

Non existen expectativas de que o número de alumnos/as se incremente notablemente, mais cómpre destacar que nos últimos cinco anos o aumento foi dun 45 % (pasando de 33 alumnos e alumnas no ano 2017/2018 a 48 no ano 2022/2023).

#### **f) Servizos complementarios.**

Terase en conta o disposto na *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, no seu artigo 6 respecto ao acceso aos servizos educativos complementarios.

No relativo ao comedor escolar, terase en conta o *Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación*, así como as instrucións ao respecto que publica anualmente a Secretaría Xeral Técnica da devandita consellería.

Respecto do transporte escolar, o seu uso aterase ao establecido na Orde do 12 de marzo de 2013, así como ao indicado nas instrucións anuais que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica anualmente.

### **f.1 Comedor.**

O servizo de comedor está xestionado directamente polo centro. Os fondos para o seu financiamento proceden da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e das cotas voluntarias dos pais aprobadas polo Consello Escolar do Centro (tema que se tratará anualmente).

A dirección do centro supervisará o funcionamento do comedor escolar. A encargada de comedor é a mestra de Relixión, as colaboradoras son mestras e nais propostas polo Consello Escolar.

O persoal colaborador (mudará cada ano segundo o número de alumnos/as que accedan a este servizo), prestará especial atención ao alumnado máis pequeno e procurará que todos nenos e nenas coman a ración adecuada.

Encargaranse da vixilancia durante as comidas e no tempo posterior ás mesmas.

O alumnado entrará no comedor ás 15:00 horas, coas mans previamente lavadas.

A entrada e a saída do comedor farase dun xeito ordenado e o alumnado atenderá, en todo momento ás indicacións das colaboradoras.

### **f.2 Transporte escolar**

Os percorridos realízanse con 3 autobuses da empresa RIAS ALTAS, CASTROMIL, ELEUTERIO LÓPEZ Y CÍA, LUBER, GÓMEZ DE, os cales teñen quedando da seguinte maneira:

- RUTA 1: O Piñón, Casa de Casás, Covelo, Cuqueira, Sosloureiros e Sosloureiros 2
- RUTA 2 :Casilla, Regueirolongo, Lavandeira, Vila da Igrexa e Pontellas.
- RUTA 3 – Barbelas, Casaldaia de Abaixo Chao e Penso.
- RUTA 4: Guelle, Abelleira e Campo do Hospital.





## II. SINAIS DE IDENTIDADE.

### 1. Valores básicos.

O fin último da educación no CEIP da Barqueira será transmitir aos alumnos e alumnas os valores dunha sociedade democrática baseados na igualdade e equidade social e entre mulleres e homes.

Entendemos por valores básicos os seguintes:

- Igualdade:
  - o Búsqueda da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
  - o Búsqueda da igualdade de trato, independentemente das características e niveis socioculturais.
- Respecto:
  - o Respecto aos demais, independentemente das súas características, opinións, crenzas e formas de actuación.
  - o Respecto a un mesmo ou a unha mesma.
  - o Respecto aos elementos que nos rodean (entorno, natureza, material escolar...).
  - o Resolución pacífica de conflitos.
- Solidariedade:
  - o Fomento de actitudes de colaboración e cooperación entre iguais.
  - o Fomento de valores e actitudes relativas á transformación social cara a outra máis equitativa, igualitaria e respectuosa cos demais.
- Responsabilidade:
  - o Cumprimento dos dereito e deberes individuais e colectivos.
  - o Cumprimento das normas co centro.

### 2. Liña metodolóxica.

O centro desenvolverá unha liña metodolóxica activa e participativa, fomentando no alumnado a investigación e a análise, a curiosidade crítica e a investigación, sen perder de vista as aprendizaxes imprescindibles para que todo isto sexa posible.

Dentro da diversidade metodolóxica suxerimos como normas básicas as seguintes:

-Fomentar a curiosidade e interese por tódolos temas curriculares.



-Potenciar unha conduta investigadora con espírito crítico constructivo a través dun traballo responsable e a comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.

-Aprendizaxe significativa, que será a guía da práctica educativa, é dicir, os novos contidos e o proceso de aprendizaxe estarán relacionados coas capacidades e contidos adquiridos polo alumnado.

-O entorno, definido anteriormente, debe ser o punto de partida fundamental na adquisición de coñecementos posteriores así como para conseguir a inserción dos alumnos na sociedade na que viven. O entorno debe ter como obxectivo tratar de melloralo de forma racional seguindo o seu espírito crítico positivo.

-Traballo escolar debe ser globalizador e integrador, partir de realidades significativas buscando a conexión entre as distintas disciplinas.

-O traballo escolar estará baseado nas seguintes liñas:

- A colaboración non competitiva.
- Respecto entre os compañeiros e compañeiras.
- Orde e disciplina para desenvolver unha labor de clase.
- Esfuerzo para, dentro das posibilidades individuais, mellorar.

Estas actuacións dirixiranse en último termo á consecución de valores, actitudes e normas que redunden na formación integral da persoa a través das seguintes estratexias:

-A motivación do alumnado: a necesidade de que o alumno adopte un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe, a través dunha proposta que formula converter o aprendizaxe nunha experiencia motivadora. Os nenos e nenas aprenden se queren aprender (actitude favorable), polo que a motivación e o interese son requisitos imprescindibles.

-A axeitada selección e secuenciación de contidos. A estrutura do método pretende que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.

-A aprendizaxe significativa e experiencial. As aprendizaxes que o alumnado vai a realizar fórmulanse a partir dos coñecementos e das experiencias previas que este xa posúe, para ir construíndo os novos conceptos.

-O ensino será activo e centrado no alumnado. Entendido nun dobre sentido: por unha parte como modo de que os alumnos realicen unha aprendizaxe autónoma e, por outra, establécense estratexias que levan a unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motóricos e cognitivos.



-O progreso e o reforzo das aprendizaxes. Os contidos e as actividades aparecen secuenciados atendendo ao criterio de progresión, coa finalidade de acompañar de xeito axeitado o proceso de ensino-aprendizaxe co grao de complexidade dos contidos. Así mesmo, introducíronse actividades destinadas a que os alumnos poidan repasar e reforzar as aprendizaxes xa realizadas.

-A atención á diversidade e aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos. Coa finalidade de que o docente poida adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á diversidade da aula e aos diferentes estilos de aprendizaxe de cada alumno, contaremos cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos.

-Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma. Co obxectivo de dotar ao alumno dos coñecementos e as capacidades necesarias para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma, traballaranse diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.

-Aprendizaxe cooperativa e colaborativa. Usaranse diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa sobre todo no referente ás tarefas integradas e ao traballo por proxectos. Tamén se utilizará o traballo colaborativo. Formaranse equipos estables de aprendizaxe onde cada alumno e alumna terá o seu rol e utilizaranse diarios de aprendizaxe para diferentes tarefas. Os equipos serán heteroxéneos e seguirase a senda da aprendizaxe entre iguais e a corresponsabilidade.

-Traballo con tipoloxías textuais. Hai que eliminar a idea de que aprender lingua é aprender teoría gramatical e regras abstractas. A Educación Primaria debe ensinar a utilizar a lingua, manipulala, creala e recreala. Os textos seleccionados para traballar en clase tratarán sobre temas que motiven os alumnos e alumnas. Utilizaremos textos de variadas características (autores diversos, rexistros diferentes, dificultade maior ou menor...) para que o noso alumnado teña máis posibilidades de desenvolver a súa competencia comunicativa.

-Tarefas integradas. Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade, onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades



-Traballo por proxectos. A aprendizaxe baseada en proxectos consiste nun modelo de ensinanza no que os propios alumnos, co mestre como guía, son protagonistas das súas aprendizaxes. Traballar por proxectos é unha estratexia metodolóxica globalizadora que parte da necesidade e intereses do alumnado e as necesidades educativas.

Esta estratexia de organización, proposta por Kilpatrick (1918) baséase no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento das relacións entre os diferentes tipos de contidos e no enfoque globalizado. Así, vai favorecer a construción do coñecemento asegurando que as aprendizaxes sexan significativas. As características deste modelo de aprendizaxe son:

- O profesorado non é o protagonista do proceso.
- A avaliación é participativa, o alumnado tamén se autoavalía e avalía o proceso.
- Calquera situación, problema ou necesidade pode xerar un proxecto, xa que se trata de comprender, valorar, debater sobre a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque global.
- A planificación e a acción discorren conxuntamente nun principio.
- Profesorado e alumnado planifican en conxunto.

Seguirase o seguinte esquema didáctico para desenvolve-lo:

Que nos interesa...?  
Que sabemos xa sobre...?  
Que queremos saber/facer sobre...?  
Que información precisamos? Onde buscamos a información?  
Como nos organizamos?  
Producto final (producto social relevante)  
Avaliamos o proceso/resultado.

Cómpre destacar que a aprendizaxe baseada en proxectos e a metodoloxía idónea para a **atención á diversidade da aula**, tal e como queda reflectido no Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade e a orde que o desenvolve, 8 de setembro de 2021, que destaca a utilización de tarefas de aprendizaxe integrado.

As vantaxes que presenta este tipo de aprendizaxe son múltiples, entre as que atopamos:

- Aumento da motivación do alumnado.



- Pártese dos coñecementos previos e, polo tanto, segue as teorías de aprendizaxe de Vigotsky baseadas na ZDP (zona de desenvolvemento próximo).
- Póñense en funcionamento outros mecanismos cognitivos máis alá da memorización: análise, síntese, reformulación, procura de información en diferentes fontes e contraste da mesma, resumo, categorización, comparación....
- Apóiase na aprendizaxe cooperativa e colaborativa e polo tanto mellora a atención á diversidade (D. 229/11 de Atención á Diversidade e O. 8 de setembro de 2021).
- Mellora a aprendizaxe por competencias, o aprender a aprender e a alfabetización mediática e informacional (AMI). A UNESCO neste sentido explica que *“o empoderamento das persoas a través da alfabetización mediática e informacional é un dos requisitos máis importantes para fomentar o acceso equitativo á información e ao coñecemento e para promover medios de comunicación e sistemas de información libres, independentes e pluralistas”*, e nós engadiríamos que debería ser garantida en varias linguas, incluídas as minoritarias e minorizadas, entre as que se atopa a nosa (lingua maioritaria pero minorizada).
- O coñecemento vese como un todo e non fragmentado en áreas.
- Aumenta a autonomía e a independencia.

-Reforzo positivo. Usaranse os eloxios e a non penalización do erro. So equivocándose se aprende.

-Estratexias de mediación. Aprender a solucionar os conflitos de forma pacífica e a dar estratexias tanto se o problema é de un como se se trata dunha intervención dun problema no que non estamos inmersos.

-Uso das TIC como medio e non como fin. Convertir as TIC en TAC e acadar, xunto coa formación de usuarios da biblioteca escolar, que os nenos e nenas aprenden a usar internet como lugar de búsqueda de información que debe ser crítica e reelaborada.

O profesorado tratará de unificar criterios de actuación para conseguir o cumprimento desas liñas, fundamentalmente para lograr un desenvolvemento da actividade docente e para crear un clima adecuado de aprendizaxe.



### 3. Obxectivos pedagóxicos.

A actividade educativa terá como finalidades primordiais:

- Buscar o pleno desenvolvemento da personalidade mediante unha formación humana integral de respecto os principios democráticos de igualdade, convivencia, así como ós dereitos e liberdades fundamentais.
- Adquirir hábitos intelectuais, de estudo e de esforzo.
- Orientar aos alumnos e alumnas ao longo da súa permanencia no Centro .

Estes obxectivos xerais implican:

- Adquisición de hábitos intelectuais e de técnicas de traballo que lle permitan aprender a aprender.
- Adquisición de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- Aprendizaxe da expresión oral e escrita, do descubrimento, da solución de problemas e a manifestación da súa opinión e respecto por a dos demais.

Establécese a coeducación como parte imprescindible da educación para a igualdade tendo en conta, tal e como está reflectido no Plan de Convivencia, no Plan de Igualdade e nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 do 16 de xullo para a igualdade de homes e mulleres (DOG 3-8-2004).

Asemade, a adquisición de competencias clave serán fundamentais, seguindo a coa Recomendación 2006/962/EC, do **Parlamento e do Consello Europeo**, do 18 de decembro de 2006, son *"aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego"*. O curriculum oficial as define como *"capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos."* O concepto de competencia non só inclúe o saber e saber facer, senón que tamén refírese ao saber ser ou estar. O sistema educativo debe propiciar a educación permanente, é por iso que a través das competencias clave prepararase aos alumnos/as a aprender por si mesmos, a fomentar o desexo de aprendizaxe e a desenvolver os valores da cidadanía democrática.

As diferentes competencias contribuirán a integrar as aprendizaxes, de forma que se poidan utilizar cando sexa necesario, sendo un factor que oriente o ensino, estando éstas



relacionadas cos elementos curriculares de Educación Primaria, tal e como se reflicte nos decretos de EI e de EP, *Decreto 150/2020 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de EI na CCAA de Galicia* e no *Decreto 155/2022 de 15 de setembro polo que se establece a ordenación e currículo de EP para a CCAA de Galicia*. O alumnado debe desenvolver as competencias clave da etapa e perfil de saída ao finalizar o ensino obrigatorio.

#### **4. Lingua de traballo.**

Tal e como se desprende da Planificación sociolingüística de centro, o colexio está situado nun entorno galego falante. Das diversas enquisas realizadas a toda a comunidade educativa despréndese que tanto os alumnos coma as familias teñen o galego como primeira lingua.

Todas as actividades administrativas levaranse a cabo en lingua galega, respectando en todo momento a normativa vixente. Dado que o galego é a primeira lingua para os nosos alumnos e alumnas, non teremos como primeiro obxectivo lograr que o alumnado use o galego porque xa o fai habitualmente, senón que chegue a comprender a importancia que ten e perda o prexuízo a usala fóra do seu entorno máis próximo. Aínda que usaremos como lingua vehicular o galego trataremos tamén de conseguir que o noso alumnado adquira ao longo de toda a etapa de primaria as competencias lingüísticas plenas nas dúas linguas, seguindo o establecido no *Decreto 79 do 2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

Cómpre destacar que se fomentará o uso do galego no ámbito científico e con corrección lingüística, a través da editorial do centro “Trasno Trouleiro” con libros en galego, con corrección lingüística e gramática e escritos integramente polo alumnado.

### **III.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.**

#### **1. ÓRGANOS DE GOBERNO**

##### **a.- Colexiados.**

##### a.1 Consello Escolar.

A súa composición, competencias e funcionamento axustaranse ó disposto nos artigos 36 ó 52 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).





Estará integrado por:

- O Director do Centro que será o seu presidente.
- Un concelleiro ou representante do Concello.
- Dous profesores eleixidos polo Claustro.

- Dous pais/nais.

Son competencias do Consello Escolar, segundo o artigo 127 da *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE)*:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOMLOE.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sin perxuízo das competencias do Claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a LOMLOE establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dos terzos, propoñer a revocación do nomeamento do director o u directora.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxección ao establecido na LOMLOE e disposicións que a desenvolvan.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
- g) Proponer medidas e iniciativas que favorezcan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e de a violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que perxudiquen gravemente á convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais o, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.





- i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sostenibilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios dacordo co establecido no artigo 122.3.
- j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- l) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- m) Aprobar o proxecto de orzamento do centro.
- n) Calesquera outras que le sexan atribuídas pola Administración educativa.

No seo do Consello Escolar do Centro funcionará unha **Comisión Económica** integrada polo director, un mestre ou mestra e un pai/nai/titor legal de alumno ou alumna.

Será función de dita comisión informar ao Consello sobre cantas materias de índole económica lle sexan encomendadas.

Para efectuar pagos haberá sempre dúas firmas: a da directora e un mestre ou mestra. Nas contas do comedor escolar serán firmas autorizadas a da director do centro e a da encargada de comedor do mesmo.

### a.2 Claustro de mestres e mestras

O Claustro de mestras estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizos no Centro. Presidirao a Directora do mesmo.

É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.

Son competencia do Claustro de mestras e mestres segundo o artigo 129 da *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE)*:

-Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos de centro e da programación xeral anual.



- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola presente Lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- h) Informar das normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque éstas se atengan á normativa vixente.
- ii) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- iii) Calesquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización y funcionamento.

#### **b.- Unipersoais. Equipo directivo.**

O CEIP da Barqueira só conta, polo número de unidades, con director como órgano unipersoal.

Son competencias do director, previstas no artigo 132 da *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE)*:

- a) Ostentar a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar á esta ás formulacións, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar planes para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo de centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.



- e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir á resolución dos conflitos e impoñer as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 da LOMLOE. A tal fin, promoveráse a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g) Impulsar a colaboración coas familias, coas institucións e cos organismos que faciliten a relación do centro co entorno e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores de alumnos e alumnas.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e avaliacións de profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello escolar e do Claustro de profesorado do centro e executar os acordos adoutados no ámbito das súas competencias.
- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro segundo estableza a Administración Educativa.
- k) Propoñer á Administración Educativa o nomeamento e o cese dos membros do equipo directivo, previa información ao Claustro de profesorado e ao Consello Escolar do centro.
- l) Promover experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación do calendario escolar ou o horario lectivo de áreas ou materias, dacordo co recollido no artigo 120. 4.
- m) Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.
- n) Diseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na programación xeral anual.
- ñ) Calesquera outras que lles sexan encomendadas pola Administración Educativa.



## 2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

### a.- Comisión de coordinación pedagógica.

Seguindo o decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria as funcións desta comisión serán asumidas polo claustro dado o número de unidades do centro.

#### É competencia da Comisión:

- Elevar propostas ó Claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares incluídas no proxecto curricular.
- Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao centro de Formación do Profesorado.

### b.- Equipos de ciclo.

Estarán formados por todos os mestres que impartan docencia nel. Encargaranse de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos (no noso caso a dirección), as ensinanzas propias do ciclo.

#### FUNCIONS:

- Programar en equipo.
- Unificar criterios didácticos e manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do PE e da programación xeral anual.
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagógica relativas á elaboración das CC de etapa ou modificación deles.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagógica.
- Asegurar a debida coherencia entre os mestres que inciden no mesmo grupo



de alumnos.

-Facilitar a integración e a educación na diversidade e cando proceda facilita-la flexibilidade de agrupamento dos alumnos.

-Adaptar ó ciclo as normas de convivencia.

-Elaborar material didáctico correspondente ó ciclo ou nivel e coordena-lo seu uso.

-Elexir o coordinador de ciclo que desempeñará ese cargo durante dous cursos académicos. De non existir designación por parte do equipo o Director designará ó profesor que considere máis idóneo para tal fin.

-Os coordinadores terán reunións entre eles, co equipo directivo e coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.

-Os coordinadores convocarán as reunións presentando a orde do día.O remate de cada reunión levantará acta dos acordos

Corresponde a este coordinador:

- Coordinar o profesorado do ciclo nas actividades correspondentes ( programación ,avaliación, etc)

- Establece os lazos precisos entre os equipos e profesores para o bo funcionamento do ciclo.

- Informar ó profesorado do seu ciclo de calquera novidade que poida afectar á súa actividade pedagóxica.

- Participar na elaboración do PE de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.

- Coordinar as funcións de titoría dos alumnos de ciclo.

- Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo dacordo coa concreción curricular.

- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica.

- Responsabilizarse de que se levante acta e de que se elabore a memoria final de curso.

- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipo específico do ciclo.

- Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación



curricular e actividades complementarias.

- Colaborar na elaboración e actualización do inventario do centro.

### **c.- Equipos de Dinamización:**

- **Equipo de Normalización e dinamización lingüística.**

Seguindo o decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria as funcións deste equipo serán asumidas polo director do centro dado o número de unidades do mesmo.

Dado que a gran maioría dos membros desta comunidade escolar son galego falantes o principal obxectivo deste departamento será a loita para conseguir o pleno aprecio da Lingua Galega.

Ao comenzar cada curso redactarase o proxecto lingüístico de centro que según a lexislación vixente deberá ser elaborado antes do 30 de setembro. Neste proxecto deberán recollerse os obxectivos que se pretenden conseguir así como as actividades e liña de actuación que se seguirá para conseguir que o alumnado acade as competencias correspondentes nas dúas linguas oficiais. Este equipo velará para que se cumpla a lexislación vixente en todo o que atinxe ao uso e fomento da lingua galega.

#### As súas competencias serán:

- Elaborar e presentar ao claustro o proxecto lingüístico de centro ao inicio de cada curso escolar. Neste Proxecto lingüístico farase constar:

- As linguas que se deben empregar nas áreas e materias distintas ás que xa están establecidas por lei.
- As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta ao fomento do plurilingüismo.
- As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas pioda seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

#### Son competencias do coordinador:

- Colaborar na elaboración das concrecións do currículo.
- Convocar e presidi-las reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas das reunións, así como da redacción da memoria de final de curso.



### • **Biblioteca.**

O equipo da biblioteca escolar estará coordinado por un profesor ou profesora e será o encargado de tomar decisións consensuadas que permitan:

- A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- O desenvolvemento de actividades favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

As funcións da dinamización da biblioteca en colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

- Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca e a memoria final.
- Coordinar, seguindo as directrices da Consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar ao equipo de biblioteca na comisión de coordinación pedagóxica.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.



### • **Convivencia.**

A persoa dinamizador da convivencia coordinará a mellora do clima escolar e asesorará ao resto do profesorado para incluír dinámicas de aula que propicien a mellora da convivencia e a resolución de conflitos.

As súas funcións en colaboración en colaboración co profesorado de apoio serán:

- Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis incidan na convivencia e revisar a súa adecuación.
- Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- Colaborar na dinamización do plan de convivencia.
- Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, que promovan os valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
- Colaborar con departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación .
- Realizar un informe trimestral, logo das sesións de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas.
- Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo de centro.

### • **Tecnoloxías de información e da comunicación.**

A dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación terá, en colaboración co profesorado de apoio, as seguintes funcións:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Mantemento cotián dos equipos informáticos do centro contando co apoio do asesor/a TIC da zona.
- Dar soporte, no uso didáctico do equipamento informático do centro, ao resto do claustro.
- Elaborar o proxecto TIC e xestionar os recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.





- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

#### **e.- Equipo de actividades complementarias e extraescolares.**

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará integrado polo director e polo profesorado que participe en cada actividade.

As funcións deste equipo serán:

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo e o profesorado en xeral.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización e a organización das mesmas.
- Proporcionar ao alumnado e aos pais a información relativa a cada unha das actividades.
- Promover e coordinar as actividades en colaboración cos equipos de ciclo e claustro de profesores/as en xeral.
- Distribuír os recursos económicos destinados a este tipo de actividades.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas e a súa valoración.

#### **f.- Orientación:**

- **Departamento de Orientación.**

##### **Fundamentación legal.**

O Departamento de Orientación está compartido co CEIP San Ramón de Moeche (especialista en AL) e o CEIP Manuel Fraga Iribarne (XEfa do Departamento de Orientación). Este departamento desenvolverá a súas competencias e funcións conforme o establecido no **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, na **Orden do 24 de xullo de 1998** que o desenvolve e na **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa.

##### **Funcionamento.**

A Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia



regulada polo Decreto 120/1998, establece, no seu artigo 14 o seguinte:

“Os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán reunións semanais na hora destinada par tal fin no seu horario. A asistencia será obrigatoria.”

O horario da orientador será: mércores no CEIP da Barqueira, e resto de días da seman no centro base, isto é, no CEIP Manuel Fraga Iribarne. Tal e como se menciona na circular este concepto de orientación compartida implica o establecemento dunha serie de criterios que os equipos directivos deben ter en conta á hora de establecer os seus plans de orientación pedagóxica, reunións de equipos docentes ou sesións de avaliación.

É absolutamente necesaria a coordinación dos centros implicados coa fin de evitar a simultaneidade de reunións ou a imposibilidade horaria, do mesmo xeito que o xefe/a do departamento debe organizar o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros que teña asignados.

### **Obxectivos**

Os obxectivos do Departamento desenvolveranse nos seguintes ámbitos: a atención ó proceso de ensino/aprendizaxe e á diversidade, a acción tutorial e o traballo conxunto coas familias. De este xeito, os obxectivos que nos propoñemos acadar son os seguintes:

a)Respecto ao propio departamento.

1. Establecer as liñas iniciais do seu funcionamento.
2. Elaborar o Plan de Orientación.
3. Adquirir recursos bibliográficos, de diagnóstico e curriculares.
4. Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos...
5. Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos da zona.

b) Respecto ao alumnado.

1. Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
2. Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios ó alumnado que precisen reforzo educativo dentro dos ciclos, coa colaboración do xefe de estudos (no noso caso dirección do centro) e tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado



3. Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo no terceiro ciclo da educación primaria.
  4. Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
  5. Identificar de xeito temperá das necesidades específicas do alumnado, co fin de adoptar medidas preventivas e compensadoras.
  6. Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, encardinadas no propio currículo.
  7. Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
  8. Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.
- c) Respecto ao profesorado.
1. Realizar o Plan de Acción Tutorial.
  2. Colaborar cos titores na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro.
  3. Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e do orientador, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
  4. Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ó alumnado e ás familias.
  5. Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias. Así mesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.
  6. Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
  7. Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as titores /as para levar a cabo a función tutorial.
  8. Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.



d) Respecto ao centro.

1. Asesorar e colaborar, no ámbito da súas competencias no desenvolvemento do PE.
2. Colaborar na diagnose inicial do estado da convivencia no centro, no posterior deseño do plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas.
3. Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
4. Cooperar ca comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, ANPA, comisións) e outras favorecendo canles de comunicación e actuación.
5. Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

e) Respecto ás familias.

1. Colaborar estreitamente coas familias na educación e atención dos seus fillos, promovendo actividades informativas orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados
2. Colaborar coa asociación de nais e pais do centro en temas relacionados coa orientación educativa
3. Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.
4. Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.

**Planificación xeral e definición de accións prioritarias.**

Os obxectivos sinalados no apartado anterior débense agrupar en tres liñas fundamentais de traballo, elixindo actividades que durante o curso desenvolvan un plan coherente nestas tres vertentes:

- Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe.
- A acción tutorial.
- A orientación académico-profesional.

As accións prioritarias que se determinen deberán estar globalmente concebidas e ser interdependentes, aínda que se deberá especificar en cada caso a que vertente do plan afecta.



## **Estratexias de intervención**

### a) Estratexias referidas ao alumnado.

#### Realización da avaliación e integración inicial do alumnado:

- Realización da avaliación inicial.
- Actividade de acollida, especialmente para o alumnado de novo ingreso.

No primeiro tramo do curso escolar os/as titores /as :

-Comentarán co alumnado os seus dereitos e deberes, informarán do funcionamento do Centro, da necesidade de elaborar unhas normas de convivencia específicas, dentro da propia aula, acompañadas dos mecanismos de control necesarios axustándose ao establecido nas NOFC.

-Unha vez que o grupo se coñeza, pódese facer a elección de delegado/a da clase, facendo unha análise do perfil e explicando funcións.

-Proporcionar ao alumnado, información referente ao calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.

-Coñecer as características do grupo titorizado, o sociograma, a observación sistemática e outras técnicas grupais serán de gran utilidade.

### b) Detección e avaliación das NEAE do alumnado.

- Colaboración equipos docentes, titores/as, familias e departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de busca-las respostas educativas axeitadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.
- A orientadora propoñerá o modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando á dirección a proposta de organización da docencia para este alumnado.

•

### c) Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe.

- Será labor de todo os docentes do grupo, coordinados pola persoa que exerza a titoría, en colaboración co departamento de orientación, axudar ao alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual.
- Diseñaranse actividades específicas para mellorar a comprensión e velocidade lectora, desenvolver a memoria, aprender a descubrir as ideas principais dun



texto, aprender a subraiar, a facer resúmenes, a construír gráficos e esquemas e a elaborar mapas conceptuais.

#### d) Orientación académica e profesional.

Os títolos poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo no nivel de 6º curso.
- Que adquiran e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións e que procuren a mellora do autoconceito do alumnado.

#### e)Avaliación do alumnado.

Os equipos docentes poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Informar ao alumnado dos criterios polo que vai a ser avaliado.
- Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

#### f) Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado.

É convinte que se faga referencia ós apartados seguintes:

##### f.1) Relación da persoa que exerza a titoría co Dpto. de Orientación.

Poñerá en práctica estratexias favorecedoras destes aspectos:

- Detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do Centro que afectan ao seu grupo.
- Participar activamente no desenvolvemento do plan de acción titorial.

##### f.2) Relación da persoa que exerce a titoría cos profesores e profesoras.

- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación dos ciclos e niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica (composta por todo o Claustro) ou do DO.
- Informar ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumno titorizado.



-Participar nas sesións de avaliacións nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:

- Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
- A situación actual do alumnado con NEAE.
- Os materiais empregados.
- A metodoloxía aplicada.
- A situación do grupo-clase.
- As ACI.

f.3) Relación da persoa que exerce a titoría coas familias.

As persoas que exercen a titoría poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha axeitada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais, globais, etc.
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos e fillas e do mesmo xeito, recabar a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumno ou alumna.

### **Recursos.**

a) Recursos humanos.

- Profesorado do Centro, tanto persoas que exercen a titoría coma especialistas.
- Departamento de Orientación e mestra especialista en audición e linguaxe..

b) Recursos materiais.

- PE.
- Fichas acumulativas e expediente do alumnado.
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

### **Metodoloxía.**

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados e implicadas no mesmo.

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nestas estratexias metodolóxicas:

Traballo cooperativo estruturado desenvolvido en :

- Reunións colectivas:



- Equipo de titores e titoras de nivel coas familias.
- Titora ou titor con familias.
- Nivel.
- Ciclo.
- Xuntas de avaliación.
- Departamento de Orientación
- Claustro, CCP, consello escolar.
- Comisións.

-Reunións individuais entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información.

### **Temporalización.**

Concrétanse neste apartado as actividades que faran posible a consecución dos obxectivos fixados neste plan, actividades que deberán ter un carácter flexible e revisable. Parece convinte presentalas agrupadas en tres períodos que se correspondan cos trimestres lectivos.

- **Titoría.**

Cada grupo de alumnos terá un titor ou titora que será designado pola directora do centro, dacordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O titor ou titora, ademais da súa tarefa como docente, responsabilizarase da acción titorial do seu grupo.

Os mestres que compartan centro só poderán ser designados titores no centro base para o que estean nomeados.

A asignación de titorías aos especialistas farase sempre aos que teñan menos horas da especialidade procurando ao mesmo tempo que imparta o máximo horas de docencia no seu grupo.

Coa finalidade de facilitar a relación do profesor titor cos pais, fixarase na programación xeral unha hora semanal para a atención aos pais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro. Programaranse, igualmente reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo.

As funcións da persoa que realice a función de titoría serán:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de





orientación.

- Proporcionar no principio de curso información sobre o calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades complementarias e extraescolares previstas, así como os criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e informes previos.
- Levar a cabo a avaliación inicial do alumnado do grupo en colaboración doutros docentes do grupo.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares do alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Informar ao resto de profesores do grupo das características do mesmo, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar as diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Coordinar e presidir o proceso de avaliación do grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción do alumnado dun ciclo a outro logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- Atender ao alumnado coa colaboración do resto de docentes nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos do centro levando a cabo a coordinación oportuna.
- Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos e alumnas.
- Usar a aplicación Xade para xestionar e cubrir todos os documentos oficiais do seu grupo de alumnos ( boletíns de avaliación, actas, avaliación inicial, informes,... )
- Controlar as faltas de asistencia e puntualidade do grupo e manter informados aos pais e nais.



- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe.
- Aqueloutras que se lle puidese encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.